



Expediente núm.: 649/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Actividades ou Cursos (Organización ou Inscripción)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Examinadas as bases do campamento de Nadal 2024,

RESOLVO

PRIMEIRO. - Aprobar as bases que rexerán o campamento de Nadal 2024 e que se transcriben a continuación

“ BASES CAMPAMENTO DE NADAL 2024

1. **PERSOAS USUARIAS:** Terán acceso ao campamento de Nadal 2024 os menores con idades comprendidas entre 3 e 12 anos (deben ter ese tramo de idade durante a realización da actividade).

2. **HORARIO:** O horario do campamento de Nadal 2023 será de mañá, de 10:30 a 13:30 horas.

3. **QUENDAS:** O campamento de Nadal 2024 terá unha única quenda que será desde o 23 de decembro de 2023 ao 3 de xaneiro de 2025 (6 días).

4. **CRITERIOS PARA A ADSCRICIÓN DE PRAZA:** No caso de que haxa máis solicitudes que prazas, os criterios de adscripción de praza serán os seguintes:

1º.- Os casos de emerxencia social do Concello de Santiso, que estarán exentos de pago presentando o correspondente informe do Servizos Sociais do Concello.

2º.- Os/as nenos/as empadroados no Concello de Santiso.

3º.- Os escolarizados no CEIP de Arcediago.

4º.- O resto de solicitudes.

En todos os casos terase en conta a orde de rexistro de entrada no concello de Santiso.

5. **SAÚDE:** Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á/ao menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado.

De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.

6. **AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER Á PERSOA USUARIA:** Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola/o nai/pai ou titor legal para recoller á/ao menor. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller á/ao menor a persoa solicitante.

7. **CUSTO:** A contía do prezo público regulado está fixada na ordenanza e serán as tarifas que se citan a continuación:

- Para os nenos/as empadroados ou escolarizados en Santiso: Contía total: 10 euros.

A data de empadroamento ou escolarización deberá ter unha antigüidade mínima de 2 meses.

- Para os nenos/as de fóra do Concello: Contía total: 20 euros.

- A diferenza de importes considérase unha subvención de oficio do concello para os seus veciños e escolares.

8. **EMPADROAMENTO:** Para acreditar o empadroamento, bastará con autorizar ao Concello de Santiso para comprobalo no Padrón Municipal, riscando o “Si” na ficha de inscrición. No caso contrario, deberá achegarse un certificado de empadroamento da persoa da que se queira acreditar o dito empadroamento en





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Santiso.

9. **PUBLICACIÓN:** Nas listaxes de persoas admitidas aparecerá o DNI/NIE do/da solicitante e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.santiso.gal.

10. **PAGAMENTO:** As cotas pagaranse unha vez aparecido o DNI/NIE do/da solicitante na listaxe de persoas admitidas, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.santiso.gal.

O pagamento do prezo público realizarase os días previos do comezo da actividade (datas fixadas no calendario) e o importe do prezo público deberá ser ingresado na entidade bancaria que se determine.

Esixirase o ingreso do importe total do prezo público como requisito para prestar o servizo ou realizar a actividade. Cando os pagos non se fagan no prazo establecido, os/as nenos/as quedaran excluídos da actividade, con previa comunicación ao usuario; agás que o motivo do impago ou atraso estea debidamente xustificado.

No caso de que alguén non pague en prazo, e a praza quede baleira, pasará a ocupar a praza a seguinte persoa que estea na lista de espera.

11. **NORMAS:** A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

a) **Dereitos das persoas usuarias:**

- Bo trato por parte do persoal do servizo e das outras persoas usuarias do servizo.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios e sociofamiliares.
- Favorecer a súa participación no servizo.

b) **Obrigas das persoas usuarias:**

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- Respetar as normas establecidas pola monitoraxe de cada aula, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.
- No caso de falta de respecto con outras persoas usuarias ou monitorado do campamento, comunicarase á persoa usuaria, por parte do monitorado a primeira vez.

Se se repetise esta actuación, ou se a primeira consistise nunha agresión, o monitorado fará un informe que trasladará ao Concello de Santiso, para que se poida analizar coa familia posibles solucións, entre as que se atopa, o suspender durante varios días a participación no campamento, e incluso a baixa do mesmo.

- O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

c) **Renuncia á praza e devolución do importe:** Se unha vez obtida á praza e aboado o prezo correspondente, non puidese asistir á actividade, non terá dereito á devolución da cota.

CALENDARIO

A) **Inscricións:** Desde ás 00:00h do día 28 de novembro ata ás 23:59:59h do día 11 de decembro.

B) **Publicación da lista de persoas admitidas:** 13 de decembro.

C) **Pagamento de taxas:** Do 14 ata o 19 de decembro.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- Ficha de inscrición debidamente cuberta.
- Ficha de consentimento de protección de datos.
- No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal, deberán achegar o volante de empadramento da o persoa empadroada no Concello de Santiso.
- No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar, é necesario o informe da educadora familiar do Concello de Santiso.

ESPECIAL ATENCIÓN:

- É necesario cubrir todos os apartados da solicitude, e achegar toda a documentación que se solicita.
- As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Santiso ou entregaranse no Rexistro municipal.
- Cubrir con especial atención o apartado de autorizacións para recoller á/ao menor. De non se facer así, soamente poderá ser entregada á persoa solicitante (nai/pai/ titor legal).

ANEXO I

FICHA DE INSCRICIÓN

CAMPAMENTO DE NADAL 2024

SOLICITANTE

D./Dña: _____

con DNI _____ Teléfono/s: _____ / _____ / _____

Dirección _____

como pai/nai ou titor/a SOLICITO e AUTORIZO a asistencia ao campamento de Nadal, Santiso 2024, do meu fillo/a:

FILLO/A:

NOME E APELIDOS DO

NENO/A: _____

Data de nacemento: _____ Empadroada/o e/ou escolarizada/o en Santiso? Si / Non

- Datos médicos: (Xustificar con informe médico)

O seu fillo/a padece algún tipo de alerxia/enfermidade ou trastorno de saúde? Si / Non

_____ Toma algún tipo de medicación? Cal?

- Persoas autorizadas a recoller ó participante:

Nomes completos e DNI

* Información importante na seguinte páxina.

En Santiso, __ de _____ de 2024 ás _____ horas

Asinado Pai/Nai/Titor/a:

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

ESTA FICHA DE INSCRIPCIÓN DEBE PRESENTARSE ACOMPAÑADA DA FICHA DE CONSENTIMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

O campamento realizarase no antigo colexio de Visantoña e non haberá servizo de transporte.

A data de comezo será o 23 de decembro e finalizará o 3 de xaneiro en horario de 10:30h a 13:30 horas.

Prazo de presentación da solicitude de inscrición comeza o día 28 de novembro ás 00:00h e remata o 11 de decembro ás 23:59:59h. Segundo a ordenanza municipal reguladora do prezo público pola realización do campamento de Nadal, terán preferencia os empadroados e escolarizados en Santiso ante o resto dos participantes, tendo en conta en todos os casos a orde de entrada no Rexistro Municipal.

Publicación da lista de admitidos o 13 de decembro.

Unha vez admitidos/as realizarase o ingreso pertinente na sucursal de ABANCA dicindo que é para a conta do Concello de Santiso ou a través da banca electrónica. (IBAN ES18 2080 0370 9831 1000 0048). Tendo en conta que non se devolverá o importe pola non asistencia ó campamento.

Como concepto hai que poñer o nome e apelidos do neno/a, para poder ter constancia destes pagamentos. (10 euros para os empadroados/as e/ou escolarizados/as e 20 euros para os de fóra do Concello)

A data para realizar o ingreso dos/das admitidos/as é do 14 ao 19 de decembro de 2024.”

SEGUNDO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que manda e asina, o Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, como Secretario-Interventor, dou fe.

En Santiso, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

O Secretario-Interventor

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: AHZPT7WJ7LTHAGRGM94M5PJY9
Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

